

(DramA3)

estigma

De Jacobo Paz, Rubén Ruibal e Vanesa Sotelo
Proxecto dirixido por Dani Salgado

Con: Xabier Deive, Xosé Manuel Esperante, Clara Gayo,
Vicente de Souza e María Tasende



ESPAZOS CDG (Institucións e entidades colaboradoras)



CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
temporada 2007-2008

ESTIGMA

SALÓN TEATRO. SANTIAGO DE COMPOSTELA

Do 2 ao 18 de maio

Funcións para público familiar: venres e sábados ás 20.30 h. e domingos ás 18.00 h.

Funcións para institutos: mércores e xoves ás 11.00 h.

Prezo das localidades: 10 € (cun desconto do 40% para estudantes, xubilados, usuarios do carné xoven e desempregados). Domingo, día do espectador, 5 €

Venda de entradas:

> Venda anticipada no teléfono 902 43 44 43 ou na web www.caixagalicia.es

> Venda na billeteira do Salón Teatro o mesmo día da función dúas horas antes do inicio

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
temporada 2007-2008

estigma

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. IGAEM
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.igaem@xunta.es

www.igaem.xunta.es

índice

Presentación.....	4
De DramA3 a Estigma.....	5
Ficha artística.....	6
Sinopse.....	7
Funcións.....	8
Produción.....	9
Os autores.....	10
O director.....	13
O elenco.....	14

presentación

Na illa volcánica de **estigmA**, a vida vese ameazada polas pegadas do pasado. A desconfianza aniña no seo dunha parella, dous irmáns afrontan o destino que levan marcado na pel, unha persoa acabada de chegar investiga unha masacre e do remoto continente chega un descoñecido. Historias todas que se entrecen nunha trama chea de suspense.

Froito da colaboración dramaturxica de Jacobo Paz, Rubén Ruibal e Vanesa Sotelo, **estigmA** contén imaxes poderosas, un percorrido inquietante e unha visión pouco optimista respecto ao ser humano. É unha obra creada a partir da colisión de tres forzas da natureza, que son os tres dramaturgos. Cada un deles é coma unha placa tectónica que choca coas outras. **estigmA** é o produto desa colisión e aí naceu a illa onde se desenvolve a peza. As ideas dos tres conformaron puntos de rotura, ambigüidades, motivos que cada un deles desenvolve dunha maneira diferente, creación dun universo polisémico. Esa é a gran riqueza da peza. **estigmA** é tamén unha distopía postecnolóxica. É dicir, unha utopía negativa. Un mundo idílico pero escuro, angustioso e pesimista.

estigmA é tamén visceral. Os tres dramaturgos traballaron moitísimo co mundo das imaxes: os cabalos, o volcán, a illa, os mortos, as pedras, as marcas, as inscricións. Cada un deles observou esas imaxes dun xeito diferente. E ofrecen un punto de vista pouco agradable respecto ao que é o ser humano. É un texto que non ofrece unha visión lúdica nin positiva do que somos os seres humanos. É un universo sen compaixón. Ningún personaxe se redime plenamente. Aos dramaturgos gústalles dicir que **estigmA** transita entre o neolítico e o cibernético. Eles acaban de crear un movemento, unha vangarda, á que lle dan o nome de preterismo. **estigmA** é a primeira obra desa vangarda.

(Dani Salgado)

dE dramA3 a estigma

"DramA3" nace coa idea de continuar co proxecto de dramaturxia residente no Centro Dramático Galego (CDG) que se iniciara o ano pasado con Cándido Pazó e que dera como resultado a montaxe "A piragua". Nesta nova temporada -denominada "A temporada da cidadanía"- decidiuse reformular este proceso e que en vez de ser só un dramaturgo o que tivese acceso á representación do seu texto, fosen tres. A este habería que engadirlle un coordinador-director do proceso, que finalmente dirixiría o espectáculo resultante da escrita.

A selección dos convidados a participar en "DramA3" foi realizada polo Consello Asesor do CDG entre dramaturgos novos que non estreasen ningún texto anteriormente na compañía pública. Os seleccionados foron Jacobo Paz, Vanesa Sotelo e Rubén Ruibal, quen poucos meses despois foi galardoado co último Premio Nacional de Literatura Dramática. A coordinación do proceso de escrita e dirección do espectáculo resultante recaeu en Dani Salgado, actualmente profesor da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

O obxectivo inicial era que cada un dos dramaturgos escribise unha peza breve sobre o mesmo tema. Pero prevido as dificultades que poderían xurdir á hora de montar o espectáculo final se había unha gran disparidade nas pezas, tomouse a decisión da escrita dunha única peza na que cada un dos dramaturgos escribiría un acto, compartindo historia, espazo e personaxes, de tal forma que o obra contén tres visións difentes segundo a mirada de cada autor. De aí vén o nome do proxecto, "DramA3".

O proceso de escrita comezou a finais de xullo de 2007, a partir da suxestión de traballar a clave do suspense no teatro. Para iso o coordinador, Dani Salgado, presentoulles o texto "Far Away" da dramaturga inglesa Carol Churchill, que estiveron lendo e analizando como un posible referente. Tamén trataron o suspense no cinema vendo películas de Alfred Hitchcock. A partir dese momento, pediúselles aos tres dramaturgos que ideasen tramas para escribir unha peza en clave de suspense. Na seguinte reunión presentaron as súas propostas e comezaron a buscar a maneira de articular unha historia común. Unha vez que esta tivo unha certa entidade e coherencia, escribiéron os diálogos.

Foi importante establecer canles fluídas entre os dramaturgos xa que, ás veces, as ideas dun modificaban substancialmente o traballo dos demais. Por iso, ademais das reunións periódicas durante os meses que durou o proceso, foi moi importante a comunicación vía correo electrónico. Por outra banda, todos tiveron moi presente que o proxecto "DramA3" non remataba na escrita, senón na representación da peza, con que as posibles postas en escena que durante o proceso foron xurdindo tamén modificaron, dalgunha maneira, o traballo textual. Así as cousas, se "DramA3" é o nome para este proxecto de escrita a tres bandas, **estigma** é o resultado da proposta escénica resultante.

fichA artística

Autoría: Jacobo Paz, Rubén Ruibal e Vanesa Sotelo

Dirección: Dani Salgado

Produción: Centro Dramático Galego

Elenco: Xavier Deive: Tadeo

(por orde alfabética) Xosé Manuel Esperante: Eloi

Clara Gayo: Elsa

Vicente de Souza: Clemente

María Tasende: Sara

Axudante de dirección: Andreu Raich

Meritorio de produción: Marta Lago

Deseño do espazo escénico, vestiario e atrezzo: Joan Galí

Axudante de deseño do espazo escénico e vestiario: Alex Aviñoa e Laura García

Deseño de iluminación: Baltasar Patiño

Deseño do espazo sonoro: Alex Rademakers / Francesc Sitges

Movemento escénico: Andreu Raich

Maquillaxe: Dolores Centeno

Realización do audiovisual: Alex Rademakers

Postprodución do audiovisual: Francesc Sitges

Fotografía: Tono Arias

Deseño gráfico: Signum

Realización da escenografía: Talleres IGAEM, Escenonet e Las Carmelas

Realización vestiario: Carmen Pazos

Caderno pedagógico: Carlos Labraña - GALIX

Deseño gráfico: Signum

Revisión lingüística: Rossetta

Gabinete de comunicación: IGAEM e Trisquelia

Coordinación de Espazos CDG: Xocas López

sinopsE

Os tres actos de que consta a peza, un de cada autor, levan como título:

"Abismos", de Jacobo Paz

Sara, unha moza procedente do Continente, vai a unha illa a vivir co seu mozo, Eloi, que traballa nun criadeiro de cabalos. Ao chegar atopa unha estraña muller, Elsa, que a convida a pasar a noite. Ao día seguinte, o seu mozo atópaa durmindo no chan e explícalle que aquela é a súa casa e vive só. A partir de aí, nada é como Sara esperaba. A moza ve continuamente a Elsa e mais outro habitante da illa, Clemente, dous aparecidos que vagan pola illa. Eles cóntanlle historias daquel lugar que lle fan sospeitar que Eloi non é tal como ela pensaba. Ademais, Clemente explícalle que xa non hai cabalos na illa, que levan mortos unha chea de tempo. Entón, onde vai Eloi todas as mañás cando sae para o monte? Sara insístelle a Eloi para que responda as súas preguntas, e este acaba confesando: Elsa era a súa nai, pero tivo que matala para poder ocupar o seu lugar; porque agora a illa é un cárcere e el é o eliminador mandado polo goberno.

"Elsa", de Vanesa Sotelo

Eloi escoita voces do pasado que contan unha historia da illa anterior ao seu nacemento. É o día que Clemente e o seu irmán, Tadeo, teñen marcado para morrer. Os dous irmáns afrontan de maneira diferente o seu destino: Clemente está resignado, pero Tadeo quere fuxir del. Mentres agardan polo eliminador que acabe coas súas vidas, fan da guerra fratricida que provocou o exterminio do pobo da chaira e de todas as mulleres despois da erupción do volcán. Entón chega unha muller á illa, Elsa, que di vir en nome do goberno preguntando onde enterraron as mulleres despois do exterminio. Por unha canción que Elsa cantaruxa, Tadeo decátase de quen é ela, xa que se coñeceran no pasado. Elsa, que foi a única muller da illa que logrou sobrevivir botándose ao mar, ofrécelle borrar o sinal do peito que marca o seu destino. Pero el prefírea a ela. Cando Tadeo descobre que Elsa é eliminadora, foxe botándose ao mar. Clemente morre a mans de Elsa.

"Terra queimada", de Rubén Ruibal

Pasaron varios anos desde a chegada de Sara. A situación deteriorouse moito na illa debido a unha gran guerra no Continente que impide tanto a chegada dos presos coma a subministración. Na illa só quedan Elsa e Eloi, abandonados e sen apenas comida. Por iso é unha sorpresa a aparición doutra persoa. É un vello. Sara descóbreeo intentando suicidarse nunha figueira. Cando Eloi descobre que ten comida, interrógao para que lle diga onde hai máis. O mozo vai na procura da comida namentres o Vello e Sara fan da illa e dos aparecidos. Volve Eloi anoxado por non atopar nada e ameaza o Vello con matalo. O Vello pídelo a Eloi que o faga, que el só volveu para morrer, e a cambio diralle onde agachou toda a comida. Sara quere impedirlo ameazándoo cunha escopeta, pero non pode facer nada porque xa hai tempo que esgotaron a munición. Eloi acaba matando a Tadeo sen saber quen é.

funcións

Santiago de Compostela	Salón Teatro: do 2 ao 18 de maio. Estrea: venres 2 de maio ás 21.00 h <u>Funcións para escolares</u> : mércores e xoves ás 11.00 h <u>Funcións para público xeral</u> : venres e sábados ás 20.30 h e domingos ás 18.00 h
Tui	Teatro Área Panorámica: 22 de maio ás 11.00 h (función escolar) e día 23 ás 21.00 h
Narón	Auditorio Municipal: 30 de maio ás 20.30 h e día 31 ás 20.00 h
O Barco de Valedorras	Teatro Lauro Olmo: 6 de xuño ás 21.00 h
Vigo	Centro Cultural Caixanova: 13 e 14 de xuño ás 20.30 h
Ribadeo	Auditorio Municipal: 20 de xuño ás 20.30 h.
Ferrol	Teatro Jofre: 22 de xuño ás 20.30 h.
Vilagarcía de Arousa	Auditorio Municipal: 27 de xuño ás 21.00 h
A Coruña	Teatro Colón: 2 e 3 de xullo.
Ribadavia	Mostra Internacional de Teatro: 20 de xullo.

produción

Centro Dramático Galego

Unidade de produción teatral compañía de teatro adscrita á Xunta de Galicia, o Centro Dramático Galego comezou a súa traxectoria en 1984 co obxectivo de contribuír á normalización e regularización da actividade teatral galega. Desde entón, o CDG vén desenvolvendo un constante traballo de produción e distribución de espectáculos teatrais.

Foi en 1991 cando a compañía pública se presentou diante dos espectadores como centro artístico de produción do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais. A súa adscrición a este organismo da Consellería de Cultura e Deporte facilitou a consolidación do teatro institucional como un proxecto complementario e harmónico respecto do resto da escena galega.

Nestes máis de 20 anos de historia, as principais liñas de programación do Centro, cunha media de tres producións por temporada, seguiron varias direccións: recuperación dos nosos autores fundamentais, presenza dos dramaturgos galegos contemporáneos, incorporación á escena galega de grandes nomes da literatura dramática universal de todos os tempos, promoción do teatro infantil e proxección exterior do noso teatro, entre outras.

O sistema habitual de funcionamento da compañía é o concurso dun director de escena convidado xunto co elenco interpretativo e o equipo artístico que se contratan segundo as necesidades de cada unha das producións. Nelas tamén se involucra un equipo técnico do IGAEM (talleres, son e iluminación, estrutura escénica, tremoias, vestuario etc.).

O CDG encárgase ademais da xestión do Salón Teatro de Santiago, único espazo de exhibición escénica de titularidade exclusiva da Xunta de Galicia. Nel a compañía pública desenvolve desde 1999 un amplo período de representacións con cada un dos seus novos espectáculos.

As últimas representacións do CDG foron "Valdemuller" de Pablo Vergne (2008), "Noite de Reis. Ou o que queirades" (2007) de William Shakespeare e dirixida por Quico Cadaval e "A Piragua" (2007) de Cándido Pazó.

os autores

Jacobo Paz

(A Coruña, 1979)



"A escrita de estigmA pareceuse á perforación dun túnel. Cada quen comezou a romper a rocha cosas súas feramentas desde un extremo diferente, pero coa certeza de saber que iamos confluír nun lugar."

Experto en Cine e Teatro pola Universidade da Coruña, foi guionista de series de televisión como "Pratos combinados" ou "As leis de Celavella", traballo polo que recibiu o Premio Mestre Mateo da Academia do Audiovisual Galego ao Mellor Guión 2005. Ten publicados dous libros individuais e máis dunha ducia de pezas teatrais en revistas especializadas. Foi redactor dos reality-shows "Costa Oeste" (Filmanova, 2007), "Translatio" (Filmanova, 2007) e "O Gran Camiño" (Filmanova e Continental, 2007), ademais de escribir as curtametraxes "Sanatorio" (2006), "Masacre" (2006), "Suicidio S.A." (2006), "Amigas íntimas" (2004) e "De putas" (2002). Tamén escribiu e dirixiu os videoclips "El adiós" (2004) para Nolothil e "Toxic Girl" (2006) para o Festival On & Off de Ribadeo sobre o tema do grupo galego The Homens.

Na actualidade realiza documentais e desenvolve formatos para televisión.

Rubén Ruibal

(Ribadeo, 1970)



"estigmA é en realidade unha distopía, todo o contrario da utopía, unha tendencia ao peor dos mundos posibles."

Licenciado en Filoloxía Inglesa, formouse xunto ao dramaturgo Roberto Vidal Bolaño con quen colaborou na compañía Teatro do Aquí actuando nas obras "A ópera de A Patacón" (1994), "Touporroutou da Lúa e do Sol", "Anxeliños" (1997), "Rastros" (1998), "Criaturas" (2000) e "Animaliños" (2002). Tamén exerceu de axudante de dirección en "Doentes" (1998), "Sen ir máis lonxe" (1999) e "Os Papalagui" (2001).

No ano 2000 crea, xunto con Carlos Losada, a compañía Teatro Cachuzo, que levou ás táboas as súas primeiras obras "Fume" (2000) e "Nunca durmo", de Erik Cachuzo (2003). Outras pezas súas foron representadas por Patatín Et Patatán Superproductions, como "Traffic: arroz mubi" (2004) e "¡Triunfadores!" (2005)". Para o CDG foi axudante de dirección na produción "Xelmírez ou a gloria de Compostela" (1999) de Daniel Cortezón, e interveu en "Rosalía" (2001) de Ramón Otero Pedrayo, ambas as dúas baixo a dirección de Vidal Bolaño.

Tras a morte de Vidal Bolaño en 2002, e a desaparición de Teatro do Aquí, cesa a súa actividade como actor e céntrase en escribir. No ano 2005 gaña o Premio Álvaro Cunqueiro con "Limpeza de sangue. O sangue fai ruído", obra publicada en xaneiro de 2007 por Edicións Xerais de Galicia co apoio do IGAEM, e recibe en outubro do 2007 o Premio Nacional de Literatura Dramática, que premia anualmente ao mellor libro de teatro editado en calquera das linguas do Estado español.

Vanesa Soutelo

(Cangas, 1981)



"A experiencia da escrita de estigmA foi moi positiva. Consciente e inconscientemente traballabamos todos para un, co obxectivo de crear un texto común. Foi un reto chegar a un acordo, e eu creo que o conseguimos."

Licenciada en Ciencias da Información, forma parte dun grupo de dramaturgos novos que entran no mundo do teatro pola man da actividade dramática no instituto ou na universidade. A súa experiencia teatral comeza como actriz na Aula de Teatro da Universidade de Santiago no ano 1999 e continúa coa compañía Teatro no Aramio para a que escribe a peza "Azotea" (2003). A continuación marcha a Francia cunha bolsa Erasmus e pasa a formar parte dos grupos de Université de Rennes II e da Asociación de Amphi-Théâtre. Ao seu regreso, volve a contactar con Teatro de Aramio e dirixe as montaxes "O asasino sorrinte" (2005) de Jean Marie Piemme, espectáculo premiado no certame Na Vanguarda, e "E os cans calaban", de Aimé Casaire (2006).

Colaboradora e membro do Consello de Redacción da Revista Galega de Teatro, actualmente cursa a especialidade de Dirección de Escena na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD).

O director

Dani Salgado

(Ourense, 1974)



Autor e director teatral, estreouse no teatro profesional a cabalo entre Galiza e Barcelona. Rematou os estudos de Interpretación no Instituto de Teatro e das Artes Escénicas do Principado de Asturias e, posteriormente, licenciouse en Dirección Escénica e Dramaturxia no Institut del Teatre de Barcelona, onde preparou o Doutoramento en Artes Escénicas.

Cando aínda era estudante de último curso no Institut del Teatre, conseguiu unha bolsa para novos autores, o proxecto "T-6", que implicaba a montaxe do texto no Teatre Nacional de Catalunya. O seu traballo titulouse "El clavicèmbal" (2002) e dirixiuno Lourdes Barba. Tamén presentou un "Macbeth" de peto no xa desaparecido Teatre Malic de Barcelona. Logo preparou unha serie de ensaios abertos no Teatre Lliure de Barcelona sobre Wittgenstein, Warhol, Pessoa e Camus e no ano 2004 provocou e sorprendeu coa parodia "Porno", que foi estreada no Teatre Lliure e obtivo unha excelente acollida crítica. Para o CDG foi axudante de dirección en "O ano do cometa", a obra que Quico Cadaval dirixiu no 2004.

Publicou os libros "A dirección de actores" (Galaxia, 2006) e "O proxecto de escenificación" no libro Manuel Lugrís Freire: do texto ao escenario (Galaxia, 2006). Como docente, impartiu clases de Dramaturxia (Campus Universitari de la Mediterrània, 2004) e de Teoría Teatral (AULES, Barcelona, 2003-2004). Desde setembro de 2005 é profesor de Dirección de Escena na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, traballo que desenvolve na actualidade.

O elenco

Xabier Deive

(Narón, 1970)



Actor de teatro, cine e televisión, posúe unha ampla experiencia interpretativa. Ten traballado en multitude de curtametraxes a longas entre as que destacan as recentes "En teoría" de Lidia Fraga, xunto con Ernesto Chao (2006) e "O menor dos males", de Antonio Hernández, con Carmen Maura, Roberto Álvarez e Antonio Durán "Morris", entre outros (2007).

En teatro participou nos espectáculos "Os carros do camiño" de Ollomoltravía (1999), "Auto do prisioneiro" de Gale-
ría Cía de Teatro (2000), "Porca Vita" (2002) e "Fillo do Rigor" (2000) coa compañía Teatro Maltés, "O retrato de Dorian Gray" con Uvegá Teatro (2001) e máis recentemente, en "Final de película" de Ancora Producións (2006) e "Edipo" de Nove Dous (2006).

No medio televisivo destaca o seu papel en "A vida por diante", aínda que tamén colaborou con aparicións episódicas noutras series galegas como "Rías Baixas", "As leis de Celavella", "Mareas vivas", "Galicia Express" ou "Pratos combinados". Actualmente protagoniza a serie da TVG "Os atlánticos".

Xosé Manuel Esperante

(Escarabote, Boiro, 1974)



Procedente da escena universitaria, chega ao teatro da man da aula de teatro da Universidade de Santiago. Na súa traxectoria interpretativa cómpre mencionar a súa participación, entre outras, nas seguintes obras: "¡Viva el teatro!" de José Luís Alonso de Santos (2006), "El sastrecillo valiente" (2006), "Antaviana" de Pere Calders e Jaume Sissa (2006), "Seis personaxes á procura dun autor" de Luigi Pirandello (2005), "El tuzaní de la Alpujarra o Amar después de la muerte" de Calderón de la Barca (2005), "Ensayando Hamlet" (2004), "Pallasos" de Vicente Montoto (2004), "Matanza" de Roberto Salgueiro (2003, Premio á mellor montaxe na Mostra de Teatro Escenia 2005 de Foios, Valencia), "As veces neva en Abril" de Joao Seixas (2002), "Concerto" de Manuel Lourenzo (2002), "O Retrato de Dorian Gray" de Oscar Wilde (2001), "La cabeza del dragón" (1999), "Peter Pan" de J.M. Barrie (1998), "Pauto co demo" de Anxel Fole (1997), "Comedia noxenta para mamá" de S. Witckiewicz (1998), "Ubú Rei" de Alfred Jarry (1997) ou "A velada espectral de Mr. Peabody" de Manuel Lourenzo (1996).

Tamén participou nas longametraxes "Malas temporadas" (2005), "Planes y lugares seguros" (2004), "O ano da caracha" (2003), "Mar adentro" (2003), "O lápiz do carpinteiro" (2003) e "Illegal" (2002), así como en numerosas curtas entre as cales destacan "A subela" (2002, premiada nos festivais de Elche, Girona e Noia) ou "Inútil" (2001, Premio Chano Piñeiro á mellor curtametraxe de ficción 2002, Premio ao mellor actor da III Mostra de Curtametraxes Vila de Noia e Premio Eixo Atlántico á mellor curtametraxe de ficción do Festival de Cine de Ourense, 2002).

En televisión, actuou nas series "El comisario" (2004 e 2006), "A vida por diante" (2006), "Amar en tiempos revueltos" (2006), "Terras de Miranda" (2005), "Vientos de agua" (2005), "Cuéntame como pasó" (2004) e "Galicia Expres" (2000).

Clara Gayo

(Vigo, 1971)



Iniciouse no mundo do teatro como integrante dos grupo sA raia co espectáculo "Restos de naufraxio" (1995) e Nut Teatro, onde baixo a dirección de Carlos Neira, participou nas performances "Me gusta que me lo hagas por detrás como los perros" (2001) e "Tuanis" (2002). Tamén formou parte do elenco actoral da compañía Berrobambám en "Un conto que nin pintado", "NdC" e "Circular", como presentadora do espectáculo integrado en "A cultura circula" (maio-xuño de 2006). Actualmente, coprotagoniza a montaxe "Alá no fondo hai sitio abondo" coa compañía Chévere. No mundo televisivo interveu nas series da TVG "Pepe o inglés" e "Rías Baixas".

Compaxina o seu labor interpretativo coa faceta de dramaturga escribindo os textos "A increíble viaxe da princesa Rosenda e a fabulosa experiencia co dragón Miguelón", presentado ao I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2006, "Trasplante", presentado ao I Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico (2007), "Nós non somos nin Romeo nin Xulieta", seleccionado no programa de Animación Teatral no Ensino da Fundación La Caixa (2007), "Movidias", creado dentro do obradoiro permanente "Pistas para unha dramaturxia da actualidade" do Centro de Creación Dramática do CDG, e "A mirada de Pier" para a compañía Nut Teatro. Cómpre mencionar tamén as curtas de teatro "Canto de sereia", "Serial Freacker", "O brazo armado da SGAE" e "Extresss" (en proceso de escrita).

Vicente de Souza

(Vimianzo, 1965)



Posúe unha dilatada experiencia no ámbito da pequena pantalla onde interpretou o papel protagonista en "Rías Baixas", "Avenida de América" e "Terra de Miranda" e cunha extensa nómina de traballos episódicos en "Cuarto sen ascensor", "A casa dos Tonechos", "A vida por diante" ou "Libro de Familia". Participou en series estatais como "Cuéntame como pasó", "El comisario", "MIR", "Hospital Central" e "Los hombres de Paco".

A súa experiencia audiovisual abrangue así mesmo as longametraxes, onde realizou traballos de figuración nos filmes "Era outra vez" (Juan Pinzás, 2000), "La rosa de piedra" (Manuel Palacios, 1999), "Una extraña mirada" (J. Manuel Quiroga, 1998), "El baile de las ánimas" (Pedro Carvajal, 1993) e "Martes de Carnaval" (Pedro Carvajal e Fernando Bauluz, 1991).

Como actor de teatro traballou coas compañías Ancora Producións en "Final de película" (2006), "Paso de cebra" (2004) e "Footing" (2001), así como con Uvegá en "A señorita Xulia" (2000). Para o CDG interveu en "A comedia do gurgullo" de Plauto (2004) e "A cacatúa verde" de August Strindberg (2001), baixo a dirección de Celso Parada e Vicente Montoto respectivamente.

María Tasende

(Carballo, 1977)



Comeza no teatro no ano 2001 co espectáculo madrileño "La Katarsis del Tomatazo" e ata o 2005 representou ininterrompidamente máis de 200 funcións. Entre o 2004 e o 2007 forma parte do grupo Mara-bunta co que pon en escena as obras "Pan rallao" e "Imperfectos", así como "La cruel Casandra" (2006) coa compañía Metatarso.

Ten participacións puntuais en tres longametraxes e protagonizou cinco curtas: "La leyenda Gallega" (Beatriz Torres 2007), "De mano en mano" (José Serrano 2006), "Recuerdos" (Claudia Grossman 2006), "Atados" (Falco Films 2005) e "Bailad para mí" (Roberto Pérez Toledo 2004).

Con sete producións televisivas no seu haber, a pequena pantalla, tanto estatal ("Los Hombres de Paco", "Los Serrano", "Círculo Rojo", "Aída") como autonómica ("Padre Casares", "Os Atlánticos" e "Maridos e mulleres"), conforma a parte principal do seu currículo profesional.